



**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017", APERTURA SOBRE Nº 3. PROXECTO DE PRESTACION DE SERVIZO.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día 7 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

- Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
- Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.
- Diego Fernández López, técnico municipal.
- Laureano Alonso Álvarez, concelleira delegada de Deportes.

Secretario:

- José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Neste mesmo día e en sesión anterior a Mesa de Contratación acorda admitir á licitación ás seguintes empresas:

- R.E. nº 4264/2017-Servicios Integrais de Formación S.C., de Ames (A Coruña).
- R.E. nº 4410/2017-Axouxere, S.L., de Noia (A Coruña).
- R.E. nº 4420/2017-Koremi, Xestión Deportiva S.L.U., de Vigo (Pontevedra).
- R.E. nº 4510/2017-Acuáticas Minho, S.I., de Tui (Pontevedra).
- R.E. nº 4509/2017-Ludus Tempori S. Coop. Galega, de Lugo.

Comeza este acto de carácter público dando lectura ao anuncio da convocatoria desta Mesa de apertura do sobre 3 “criterios nos que a súa ponderación dependa dun xuízo de valor”, procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas comprobando que os sobres que conteñen as ofertas se encontran na mesa en idénticas condicións en que foron entregados.

Por parte da presidencia recórdase o resultado da cualificación da documentación administrativa, expresando as empresas admitidas, e indicando as proposicións excluídas da licitación, tal e como consta na acta de cualificación documental de data 29 de maio de 2017 e a vista da sesión da sesión anterior da Mesa.

Seguidamente, procedese á apertura do sobre 3 - Criterios na que a ponderación depende dun xuízo de valor .- Proxecto de prestación do servizo- que conterá os aspectos indicados na cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas.

Procedida a apertura do sobre 3 dos licitadores e a vista da documentación “proxecto de prestación do servizo” achegada polos mesmos, advítese pola Mesa de Contratación o seguinte:

1º.-Que a empresa Servizos integrais de Formación S.C., inclúe no seu proxecto de prestación do servizo criterios varolables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 “Proposición económica /criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla a “ampliación do horario do campamento entre as 8:30 e as 14:30 horas”, aspecto recollido na cláusula 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo a un criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula.

2º.-Que a empresa Koremi Xestión Deportiva S.L.U., inclúe no seu proxecto de prestación do servizo criterios varolables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 “Proposición económica /criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla que “o horario do campamento comprenderá de luns a venres entre as 9:00 ata as 14:00 horas, coa posibilidade de dispoñer de servizo de aula matinal e sobremesa. Polo que se os pais/nais/tutores legais o requiren o horario do campamento será de 8:00 a

15:00", aspecto recollido na cláusula 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo a un criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula. Así mesmo reflicte no seu proxecto que "a empresa facilitará (...) 200 prazas por quincena", aspecto recollido tamén como criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula e recollido na cláusula 10.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.-Que a empresa Actividades Acuáticas Minho S.L., inclúe no seu proxecto de prestación do servizo criterios varolables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 "Proposición económica /criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla que "El número total de plazas por quincena asciende a 200 distribuidas por grupos de edad" ", aspecto recollido como criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula e recollido na cláusula 10.3 do prego de cláusulas administrativas particulares. Así mesmo, inclúe no seu proxecto que "existirá una ampliación de horario de Aula Matinal de 8:00 – 9:00 horas y A. Sobremesa de 14:00 – 15:00 horas" aspecto recollido na cláusula 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo a un criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula.

4º.-Que a empresa Ludus Tempori S. Coop. Galega, inclúe no seu proxecto de prestación do servizo criterios varolables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 "Proposición económica /criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla que o horario do campamento será de mañá de 08:00 a 15:00 horas, con horario de entrada de 08:00 a 9:15 e de saída de 13:45 a 15:00. Aspecto este, recollido na cláusula 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares como criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula.

Esta Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.-Excluir ás empresas: Servizos integrais de Formación S.C.; Koremi Xestión Deportiva S.L.U; Actividades Acuáticas Minho S.L.; e Ludus Tempori S.Coop. Galega, en base ao disposto nos artigos 139 ,145 e 150.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; no artigo 26 do Real Decreto 817/2009 de 8 de maio, así como polo disposto no informe 28/12, de 20 de novembro de 2012, da Xunta Consultiva de Contratación por non achegar a documentación conforme as indicacións contidas no correspondente prego e ser coñecidos con carácter previo datos dos criterios a incluir no sobre nº 2. Dado que a avaliación das ofertas conforme a criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia, todo elo co fin de evitar o coñecemento de datos que poidan influenciar na valoración a realizar mediante a aplicación de fórmulas e así manter a máxima obxectividade na valoración das proposicións. Por tanto a inclusión de información sobre a oferta evaluable mediante fórmulas no sobre correspondente á información suxeita a xuízo de valor, infrinxe o principio de igualdade de trato e non discriminación e conleva asímesmo a exclusión do licitador.

Ademais do anterior os pregos de cláusulas administrativas na cláusula 9, indica claramente respecto a forma de presentación das ofertas que: "a documentación relativa ós criterios nos que a ponderación dependa dun xuízo de valor (e non da aplicación de fórmulas), debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición, nos termos establecidos no presente prego".

2º.-Respecto ao proxecto de servizo presentado pola empresa Axouxere, S.L., derivase ao animador deportivo municipal e membro da mesa aos efectos de emitir informe-valoración.

De seguido exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por todos los asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez



**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

OTÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Diego López Fernández

O CONCELLEIRO DE DEPORTES

Asdo.: Laureano Alonso Álvarez

